

Pouco a pouco dentro do período de adaptación vanse aumentando o número de nenos e nenas no grupo, así como o tempo de permanencia na escola, ata que se complete tanto o número de alumnos e alumnas da aula como o horario escolar.

A duración do período de adaptación será do 12 de setembro ata o 22, ambos incluídos.

Nos primeiros días de setembro faranse os grupos de nenos e nenas de cada aula e levarase a cabo unha primeira reunión na que se vos indicará, entre outras cousas quen será a súa titora e como se organizará o período de adaptación.

A esta 1º reunión convén que assistades sen os nenos/as. Posteriormente citarémovos para realizar a visita ao cole cos vosos fillos/as.

Un saúdo cordial:

As mestras de educación infantil



*GRAZAS
POLA
VOSA
COLABORACION*

DATA DA REUNION:

8 de SETEMBRO de 2016 as 10:30 H

PERÍODO
DE
ADAPTACIÓN



EDUCACIÓN INFANTIL

CEIP O PIÑEIRIÑO
R/ADOLFO PEDRIDO MORLA,
VILAGARCÍA DE AROUSA
C.P. 36600
Telef: 986504366

Visítanos en:

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceippineirino/>



Estimadas familias: o vindeiro mes de setembro os vosos fillos e fillas iniciaranse na súa etapa educativa no noso centro. Este é un momento moi importante dentro das súas vidas, por iso intentaremos que sexa o mais agradable posible e resulte unha experiencia moi positiva para o seu desenvolvemento académico.

Pedímosvos a vosa axuda para levar a cabo esta tarefa e esperamos que estes breves consellos vos sexan de utilidade:

CONSELLOS PREVIOS:

- * Faládelle da escola de forma positiva. Transmitídelles seguridade e confianza.
- * Evitade mostrar ante os nenos e nenas o voso estado de ansiedade, e nerviosismo pola entrada na escola.
- * Retirádelles antes de setembro o pañal.
- * Axudádelles a ser cada vez máis autónomos na realización das actividades de aseo e alimentación. Acostumádeos a ir sos ao cuarto de baño.
- * Faládelle do cole como un lugar onde van aprender moitas cousas e ademais van compartir con outros nenos e nenas xogos, saídas, actividades, cancións, etc.
- * Debemos traballar na casa a existencia e necesidade de aceptar unha serie de normas fundamentais para unha boa convivencia; e non só no colexio senón en todos os espazos no que o neno/a desenvolverá a súa vida.

PERIODO DE ADAPTACIÓN:

A nosa experiencia demóstranos que a entrada ao colexio en períodos de tempo reducidos e grupos de poucos nenos e nenas favorecen unha mellor adaptación.

Permanecer ao principio durante moitas horas na escola e estar tanto tempo lonxe da figura de apego, failles perder seguridade e benestar, provocándolles sentimentos de medo e de rexeitamento cara á escola.

Aínda que algúns nenos en principio non teñen ningún problema con ir a escola, poden ter reaccións de rexeitamento á convivencia con outros nenos e nenas, compartir os espazos, realizar algunhas tarefas autónomamente, etc.

Durante o período de adaptación os nenos poden ter unha atención máis individualizada que lle axude a superar todos estes problemas que se presentan.